



BALONCESTO 3X3 A ESTRADA 2022

O torneo estará dividido en 3 categorías diferentes:

- **BENXAMIN E ALEVIN** (Pavillón Manuel Coto Ferreiro a partir das 10 horas)
- **INFANTIL E CADETE** (Alameda Municipal a partir das 16 horas)
- **XUVENIL E SENIOR** (Alameda Municipal a partir das 16 horas)

O torneo 3x3 Baloncesto Festas de San Paio 2022 disputarase o SÁBADO día 25 de xuño. O prazo de inscrición é dende o LUNS día 6 ata MÉRCORES día 22 de xuño.

En todas as categorías a competición está limitada a 12 equipos. No caso de haber menos inscritos, a organización sorteará os grupos para que os equipos xoguen o maior número de partidos, podendo alterarse o tempo de duración dos encontros. A inscrición é gratuita.

Na categoría *benxamín-alevín*, haberá trofeo para todos os membros dos equipos finalistas, así como xogos cos agasallos para os participantes.

Na categoría *infantil-cadete* e *xuvenil-senior* haberá trofeo para o equipo gañador e o equipo finalista, así como para o gañador do concurso de triples.

REGRAS

REGRA I.- Cada equipo estará formado por un máximo de 4 xogadores e un mínimo de 3. Ningún xogador participará en máis dun equipo, e non se poderán facer fichaxes unaha vez comezado o torneo. Aquel equipo que non se presente a xogar o seu partido puntual, daráselle o encontro perdido por un marcador de 12-0 en categorías base e 18-0 en categoría senior.

REGRA II.- A puntuación será con canastas dobles, triples e tiros libres. A puntuación de cada partido será:

- Categorías base: marcador a 12 puntos ou a pasar ou como tempo máximo de cada encontro 8 min.
- Categoría absoluta: marcador a 18 puntos ou a pasar ou como tempo máximo de cada encontro 10 min.

A diferenza de puntos que debe existir para gañar debe ser o menos de 2 puntos.

REGRA III.- Despois de cada cambio de posesión, rebote defensivo ou balón recuperado, o balón deberá saír máis alá da liña de 3 puntos antes de poder anotar. De non facelo así cambiará a posesión do balón. Despois de cada canastra, o balón cambia de posesión e iniciase o xogo dende máis alá da liña de 3 puntos.

REGRA IV.- En todas ás categorías todas as faltas sancionaranse sempre con 1 tiro libre e posesión para o equipo que recibe a falta, incluído as faltas en ataque.

REGRA V.- Os xogadores serán eliminados o cometer a súa quinta falta persoal. O xogo pode continuar ata que un dos equipos quede cun so xogador.

REGRA VI.- Non se pitará zona, pero será advertible polo arbitro. En caso de reiteración na mesma, o árbitro poderá estimar sinalala.

REGRA VII.- As loitas supoñen, sempre, a posesión de balón para o equipo que defendía. A última decisión a respecto das regras de xogo a tomará o arbitro do partido.

REGRA VIII.- En todas as categorías a partir das catro faltas penalizarase o equipo infractor cun lanzamento de tiro libre e posesión para ese mesmo equipo, sexa cal sexa o resultado do lanzamento do tiro libre.

REGRA IX.- Existe continuidade na acción. Toda xogada na co tirador sexa obxecto de falta e o seu lanzamento termine en canastra, subirá o marcador co valor do lanzamento. A maiores o atacante disporá dun lanzamento de tiro libre.

REGRA X.- En caso de empate a puntos pasará a seguinte rolda o equipo que, por orden de prioridade:

- a) O enfrontamento directo entre eles, o equipo gañador.
- b) En caso de empate entre mais de dous equipos a diferenza de puntos a favor e en contra.

A ORGANIZACIÓN DO TORNEO:

1. Resérvase o dereito de excluír da competición a calquera equipo que incurra en actitudes manifestamente antideportivas, que poñan en risco o correcto desenvolvemento da competición.

2. Atenderá cantas solicitudes se lle fagan por parte dos equipos participantes, para salvagardar os seus dereitos.

3. Resérvase o dereito de gravar, fotografar e rexistrar imaxes e sons do Torneo para a súa utilización como información ou publicidade do mesmo. Os Participantes:

1.- Recoñecen especificamente a NON RESPONSABILIDADE da Organización, Patrocinadores nin Colaboradores do Torneo, sobre posibles lesións producidas ou derivadas da participación no mesmo, así como en custodia dos enseres persoais dos participantes ante a súa perda, desaparición ou roubo.